

CONVOCATORIA DE PRAZAS NAS RESIDENCIAS UNIVERSITARIAS DA UDC. CURSO 2021-2022

A Universidade da Coruña convoca prazas para o estudantado da UDC nas Residencias Públicas Universitarias dos Campus da Coruña e Ferrol. Curso 2021- 2022.

PRAZAS CONVOCADAS:

- Residencia Pública Universitaria Elvira Bao, A Coruña, 112 prazas
- Residencia Pública Universitaria, Ferrol, 25 prazas

Destas prazas totais realizaranse as seguintes reservas:

DESTINATARIOS:

- En relación co a vivenda habitual:
 - Residencia Pública Universitaria da Coruña, Elvira Bao: como regra xeral o domicilio familiar deberá estar fóra do municipio da Coruña ou da súa área metropolitana (A Laracha, Carballo, Betanzos, Oza-Cesuras, Miño, Curtis, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Bergondo, Sada, Abegondo, Carral, Cerceda e Ordes). Para valorar isto terase en conta a distancia entre o domicilio familiar durante o curso e o centro docente, os medios de comunicación existentes así como as súas frecuencias e os horarios lectivos
 - Residencia Pública Universitaria de Ferrol: como regra xeral o domicilio familiar deberá estar fóra do municipio de Ferrol ou da súa área metropolitana (Miño, Cabanas, Pontedeume, Fene, Narón, Valdoviño, Neda, Ares, Mugardos e Cedeira). Para valorar isto terase en conta a distancia entre o domicilio familiar durante o curso e o centro docente, os medios de comunicación existentes así como as súas frecuencias e os horarios lectivos
 - Para adxudicar as prazas requirirase que a persoa solicitante acredite que, por razón da distancia do domicilio familiar ao centro docente e os medios de comunicación existentes, ten que residir fóra do domicilio familiar durante o curso.
- Matricularse a tempo completo en calquera dos graos ou másters universitarios oficiais que oferta a UDC no curso 2021/22, nos centros do Campus da Coruña ou de Ferrol.
- Alumnado de primeiro por primeira vez na UDC:
 - O estudantado que acceda por primeira vez aos estudos universitarios a través das probas de avaliación do bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) deberá obter nas ditas probas unha cualificación igual ou superior a 5, excluída a nota da parte voluntaria.
 - No caso do alumnado que acceda por primeira vez a estudos universitarios por outras vías, deberá ter unha nota media igual ou superior a 5 nos estudos que lle dean acceso.
 - Alumnado de máster por primeira vez na UDC deberá ter unha nota media igual ou superior a 5 nos estudos de acceso ao máster
- Alumnado que continúe os seus estudos nun grao ou máster universitario oficial da UDC deberá ter como mínimo a media seguinte no seu expediente académico:
 - En estudos de ensinanzas técnicas: 3,5
 - Nos restantes estudos universitarios: 4

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: ata o 16 de xullo de 2021 ás 14:00 horas

Alumnado que vaia continuar estudos: utilizará a Plataforma para solicitudes, na páxina web da UDC.

Alumnado que vaia matricularse por primeira vez na UDC, debe solicitar a praza descargando e enchendo o formulario accesible a través da páxina web da UDC. Deberán asinalo, xunto cos demais membros computables da unidade familiar, e presentalo xunto coa documentación requirida na convocatoria en:

- a) A Coruña: na Sección de Bolsas, Pavillón de Estudantes (campus de Elviña)
- b) Ferrol: no SAPE, Edificio Apoio ao Estudo (campus de Esteiro)

MÁIS INFORMACIÓN: www.udc.es

Universidade da Coruña. Sección de bolsas

Teléfono 981 167 000 Consultas sobre a convocatoria: axudas.aloxamento@udc.es co asunto: "residencias universitarias /prazas residencias".